




Ruta do Galiñeiro Sur



VIGO
camiño a camiño

Inicio de ruta



Os autocares de Vitrasa deixannos no Parque Forestal de Zamáns. Xa se está convertindo nun clásico pasar polos parques forestais... ¡e comezar subindo a ruta! Faremos nesta ocasión 11 kilómetros con moitas subidas e baixadas, pasando por sendeiros moi empedrados que obrigan a levar bastóns e botas de sendeirismo, non os esquezades. Comprobade as gráficas de altura e frecuencia cardíaca da ficha técnica porque é bastante intensa en algún tramo, e por eses motivos levade auga suficiente e algo de froita para o camiño. Polos desniveis e polo tipo de sendeiros polos que imos, pensade ben antes se traedes nenos, pois deben estar ben acostumbrados a camiñar. É unha das rutas con mellores vistas, por certo. ¡Disfrutádea!



Iniciamos a ruta por un tramo de estrada que vai ao Surl este



A uns 250 metros seguimos a estrada da dereita



A uns 400 metros do punto anterior collemos á esquerda todavía por estrada



E a uns 300 metros viramos case 180 graos subindo á dereita



Seguimos 100 metros máis e apartamos á esquerda (dende o punto anterior é a segunda rúa á esquerda, non a primeira)



Tras unha pequena subida entramos xa na zona de camiño e deixamos o asfalto. Imos bordeando unha zona repoboada recentemente



Seguimos uns 700 metros e chegamos a unha estrada transversal, onde collemos a esquerda



Baixamos pola estrada uns 200 metros ata a zona onde apunta a frecha, onde colleremos por un camiño á dereita



Camiño por onde
subimos dende a
estrada



Percorremos uns 300 metros por
un sendeiríño que sube e non está
moi ben definido pois ten bastante
vexetación. Non vos despistedes
agui



Chegamos a unha
senda mellor trazada e
collemos á esquerda



Sen saír desa senda, a uns 450
metros atopamos a Hermita da
Virxe das Neves, cunhas vistas
que paga a pena velas e non vos
conto máis... ¡hai que ir!



Unha vez baixamos do mirador da Virxe das Neves, seguimos a senda cara ao Oeste uns 400 metros



Ao chegar a este pequeno cruce collemos o camiño peguerrecho do centro, entre os dous que se ven máis claros na foto



Os monitores xa vos avisarán cando atopen a cargueixa por este sendeiro



A uns 350 metros chegamos a un pequeno cruce e seguimos polo camiño da esquerda



Un ratoño despois atopamos outra desviación, que collemos de novo á esquerda, e imos por un camiño dende onde podemos ver unha carballeira tamén á nosa esquerda



Cando chegamos ao sendeiro do PR G-2 (Aloia) coas marcas brancas e amarelas, collemos á dereita



A uns 300 metros collemos á esquerda virando casi 180 graos, por unha subida "moi simpática" que nos levará ao cumio da Loma do Raposo



Tras subir e baixar do cumio, collemos á dereita polo mesmo camiño que viñemos uns 100 metros, e despois collemos á esquerda por un tramiño que fixemos na anterior ruta do Galiñeiro



Seguimos aproximadamente 1 km por esa senda moi empedrada ata que chegamos á zona de esparcemento onde se atopa a fonte e o cruce de camiños sinalizados



Nese punto collemos á dereita. Coidado de non equivocarse neste cruce, pois en outras rutas colleríamos á esquerda



Dende ese punto ata o fin de ruta no parque forestal de Zamáns, seguiremos sempre os sinais brancos e vermellos do GR 53



Tras un tramo de uns 600 metros dende a fonte, cunha baixada final bastante empedrada, chegamos a unha senda en mellor estado que collemos á dereita



Baixamos outros 300 metros e collemos á esquerda. Toda esta zona está actualmente repoboada e non coincide coa vista de Google Earth, máis antiga e onde se veía o bosque de piñeiros



A uns 150 metros do punto anterior chegamos a este desvío que collemos á dereita seguindo sempre as marcas do GR 53



Tras seguir o sendeiro uns 800 metros, chegamos a unha estrada que collemos á dereita



E tras algo máis de 100 metros collemos por este camiño á esquerda. Lembra de seguir sempre as marcas brancas e vermellas



Seguimos por este camiño moi agradable onde podemos observar bastantes salgueiros, e algún tramo con empedrado antigo por onde pasaban os carros



Ao final do camiño chegamos a unha estrada estreita, que seguimos de fronte



Seguimos a estrada por arriba



Atravesamos polo camiño
do parque forestal



...e chegamos ao final, que neste caso
coincide co punto de inicio, iso sí, i con
algo máis de barro que cando
empezamos! Vémonos na seguinte